

MINIPROGRAMACIÓN 1º ESO

4. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

NOTA: O Bloque 1 (Habilidades , destreza e estratexias. Método científico) e o Bloque 5 (Proxecto de investigación) **serán traballados durante todo o curso , e por tanto os seus estándares correspondentes serán recollidos nas tres avaliacións.** O resto dos contidos e os correspondentes estándares de aprendizaxe (ver cadro) estarán secuenciados nas diferentes avaliacións

Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica. B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita. B1.2. Metodoloxía científica: características básicas. B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes. B1.4. Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados. B1.5. Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.

Bloque 5. Proxecto de investigación B5.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación. B5.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica. B5.3. Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións

1º AVALIACIÓN

- ✓ UNIDADE 1: O UNIVERSO
- ✓ UNIDADE 2: A TERRA
- ✓ UNIDADE 3: A XEOSFERA
- ✓ UNIDADE 4: A ATMOSFERA

2º AVALIACIÓN

- ✓ UNIDADE 5: A HIDROSFERA
- ✓ UNIDADE 6: OS SERES VIVOS
- ✓ UNIDADE 7: OS ANIMAIS

3º AVALIACIÓN

- ✓ UNIDADE 8: AS PLANTAS
- ✓ UNIDADE 9: OS ECOSISTEMAS

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Respecto aos criterios de cualificación en 1º ESO serán:

Para calcular a nota final dos alumnos, teranse en conta os seguintes criterios:

As probas escritas suporán un 70% da cualificación final. O 30% restante virá dado pola puntuación obtida en:

- ✓ **Traballos e actividades individuais e colectivas. Incluindo os proxectos de investigación(10 %).**
- ✓ **A libreta na que costarán o traballo diario do alumno (5%)**
- ✓ **Prácticas de Laboratorio (5%). Ademais de valorar cun rexistro a actitude e traballo no laboratorio se valorarán as actividades de**

laboratorio propostas. Todo o alumnado debe reservar un apartado separado na súa libreta onde figuren as prácticas que realizaremos ao longo do curso.

✓ Actitude na aula, asistencia, puntualidade (10%)